

ACTUALIDADE

ENTREVISTA José Manuel Balseiro Orol, delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo

“Esta vai ser a lexislatura do rural”

José Manuel Balseiro Orol (Valle de Oro, 1962), é un vello coñecido da política lucense e Galega, dende os seus inicios como concelleiro no municipio de Cervo ata as tres lexislaturas como deputado no Parlamento de

Galicia. Tras as últimas eleccións autonómicas aceptou a encarga do presidente Núñez Feijoo para “facer do medio rural un entorno atractivo para a xente moza” no que se presenta como “a lexislatura do rural”.

- Agardaba o seu nomeamento como delegado territorial da Xunta na provincia?

- Sempre estou a disposición do presidente Feijoo para estar alí onde considere que podo ser máis útil. Neste caso, decidiu que sexa como representante do Executivo galego na nosa provincia, como delegado territorial, e eu agardo estar á altura da confianza recibida e non defraudar, nin a el, nin aos lucenses.

- Cales son as prioridades que se marca para a provincia de Lugo nesta lexislatura?

- Como se encargou de subliñar o propio presidente da Xunta, esta vai ser a lexislatura do rural, o que resulta especialmente importante para a nosa provincia. Asumimos como prioridade a necesidade de facer do medio rural un entorno atractivo para a xente moza, e iso significa apoiar ás explotacións agrarias e gandeiras, pero tamén facilitar o establecemento doutras actividades económicas, reforzar os servizos públicos ou ofrecer vantaxes fiscais para as persoas que apostan por vivir e traballar no rural.

Outras prioridades seguen a ser as políticas activas de emprego para fomentar a creación de postos de traballo, e as medidas de apoio aos emprendedores para fortalecer o noso tecido produtivo.

Todo elo sen esquecer a continua mellora dos servizos básicos, como a sanidade, a educación e os servizos sociais, onde a Xunta fai un esforzo inversor moi relevante e, ás veces, non suficientemente coñecido.

- Cales son os principais problemas que ten a provincia nestes inicios?

- Claramente un dos nosos principais problemas é o despoboamento do medio rural, de aí que o queiramos situar no centro da actuación política da Xunta. Os nosos recursos están no rural por iso debemos establecer as bases para unha xestión eficiente e sustentable, que xere postos de traballo e valor engadido.

- Que se fai dende o seu equipo para solucionarlos?

- O mellor que podemos facer é



José Manuel Balseiro Orol, en rolda de prensa

dinamizar a actividade económica, porque a xente volverá ao rural se lle ve futuro. Con este fin, a Xunta desenvolve numerosos programas de apoio, a través da Consellería do Medio Rural ou doutros organismos, como o Instituto Galego de Promoción Económica, destinado de modo máis xenérico ao impulso do noso tecido produtivo.

Así, poñemos en marcha medidas orientadas a dimensionar, fortalecer e favorecer o recambio xeracional nas explotacións agrarias; e fomentar a diversificación económica, con empresas transformadoras, que xeren valor engadido, ou de servizos.

Igualmente, implantamos medidas sociais, como as Casas Niño, unha solución novedosa que da resposta real ás necesidades do medio. E incentivos fiscais, como o programa de impostos cero para a compra de vivenda habitual no rural por parte de mozos e outros colectivos; Lugo é a provincia máis beneficiada, xa que inclúe 1.251 parroquias nas que a com-

pra está exenta do Imposto por Transmisións Patrimoniais e do de Actos Xurídicos Documentados.

En definitiva, seguimos ampliando os recursos destinados ás políticas de desenvolvemento rural.

- Que oportunidades presenta a provincia lucense que non foron explotadas en anteriores gobernos?

- Sempre se exploraron as distintas oportunidades, pero quizá nos últimos tempos estamos intensificando o esforzo en innovación e desenvolvemento tecnolóxico e procurando a súa extensión a todo o territorio.

Só así se entenden proxectos como o Centro de Investigación Aeroportada de Rozas, un centro de ensaios pioneiro situado en pleno corazón da Terra Chá, onde se pretende integrar tanto as Plataformas Aéreas de Investigación como os novos desenvolvementos con avións non tripulados.

Temos na tecnoloxía unha ferramenta imprescindible para salvar o

hándicap que supón a nosa complexa orografía e a dispersión poboacional. Por iso, estamos a facer un intenso esforzo para introducir o I+D+I no tecido produtivo lucense, non só promovendo proxectos como o citado -que pretendemos sexa un revulsivo para a zona- senón tamén estimulando ás empresas a través de programas de axuda como os que convoca a Axencia Galega de Innovación.

- Prevense políticas de emprego para paliar o paro na provincia?

- As políticas activas de emprego son un pilar da acción de goberno da Xunta. Para que se faga unha idea, durante o pasado ano distribuíronse nesta provincia máis de 15,2 millóns de euros en diversos programas de fomento do emprego: para estimular o establecemento de traballadores autónomos, a contratación indefinida, a contratación de persoas en situación de risco de exclusión social, ou a formación de traballadores desempregados para mellorar as súas opcións de empregabilidade.

A Xunta pretende manter e reforzar estas medidas; de feito, durante estas semanas estanse a convocar novas liñas de axuda. A orde de obradoiros de emprego, por exemplo, que é un dos programas máis valorados polos usuarios e polos concellos, amplía o seu orzamento en case un 50% máis respecto á pasada convocatoria, e tamén amplía a duración dos proxectos, que pasa de 6 a 9 meses.

Pero ademais, actuamos tamén axudando aos emprendedores e in-

centivando a expansión e internacionalización das nosas empresas, para constituír un tecido empresarial competitivo, que xere riqueza e postos de traballo.

- Existe a posibilidade de que Xunta chegue a un acordo coa Deputación para ofrecer prazas públicas nas residencias da terceira idade?

- O concelleiro de Política Social xa indicou en reiteradas ocasións que debe ser o camiño. Existe un requisito indispensable que a Deputación non cumpre, que é que Suplusa, a sociedade urbanística coa que pretende xestionar as residencias, se inscriba no Rexistro Único de Entidades Pres-

“As políticas activas de emprego son un pilar de acción do Goberno da Xunta de Galicia”

“Seguimos ampliando os recursos destinados ás políticas de desenvolvemento rural”

ENTREVISTA José Manuel Balseiro Orol

“Lugo é a provincia con máis orzamento por habitante de Galicia”

tadoras de Servizos Sociais. Reitero que nós queremos arranxar a situación, pero debemos observar a legalidade. Se hai vontade, pode demostralo adoptando este requisito e teñen a nosa man tendida.

- Contemplase que nesta lexislatura chegue a Hemodinámica 24 para os veciños e veciñas lucenses?

- O Goberno galego cumpriu cos veciños e veciñas de Lugo. Con máis de 60 millóns de euros de investimento, non só puxemos en marcha o novo hospital, que atopamos baleiro e sen equipamento, senón que tamén fomos quen de dotalo de servizos que antes non tiña e que, sen dúbida, precisaba.

Falamos da sala de hemodinámica que antes non tiña, e que puxo a funcionar este Goberno en xaneiro de 2014. E desde os últimos 12 meses douros novos servizos de vangarda: radioterapia e medicina nuclear. Incluso días atrás entraba en funcionamento o segundo acelerador completando este servizo.

Se hemodinámica debe ter un horario máis amplo, debe ser unha decisión técnica e non política. Periodicamente se estudan os datos do rexistro galego de infartos de miocardio para valorar o redimensionamento dos distintos servizos. Pero que ninguén dubide que hemodinámica funciona a pleno rendemento, só o ano pasado xa se levaron a cabo en Lugo máis de catrocentas anxioplastias e máis de mil cateterismos.

- Co anuncio do estudo previo, que prazo se marca a Xunta de Galicia para a Intermodal de Lugo?

- Neste momento están en contratación os estudos previos da intermodal, nos que a Consellería de Infraestruturas inviste uns 75.000 euros e que esperamos que estean rematados no verán, polo que a principios do 2018 xa estarían definidas as necesidades para comezar a elaborar o seu encaixe arquitectónico e administrativo.

Este estudo define as necesidades actuais e futuras da terminal de autobuses incardinada na estación intermodal de Lugo. Así, analizará dende os terreos e espazos anexos á actual estación de ferrocarril ata a frecuen-

cia de liñas de autobuses, número de usuarios ou posible incidencia sobre o tráfico e o entorno.

Esta lexislatura vai resultar clave por canto se vai redefinir gran parte do transporte público de Lugo. Por exemplo, estamos aproveitando a oportunidade que supón o remate das actuais concesións de transporte interurbano para redefinir o mapa de liñas de autobús dun xeito adaptado ás verdadeiras necesidades. O pasado xoves, de feito, tivemos unha xuntanza con representantes de vinte concellos da provincia para tratar de reorganizar e mellorar o servizo que se presta aos veciños e veciñas da provincia.

- Por que a Xunta de Galicia non colaborou co Centro de Recría?

- A cooperación resulta fundamental entre as institucións. Pero lonxe de favorecer este diálogo moitas veces atopámonos cunha Deputación que toma decisións unilaterais e despois pide á Xunta que asuma proxectos nos que non nos deixaron participar, nin deseñar, nin mellorar.

O Centro de Recría foi ademais unha iniciativa que acumulou demoras, incumprimentos e continúa a ter erros que corrixir. Non hai un plan claro de xestión. Insisto, teñen a nosa man tendida, pero botamos en falta máis capacidade de diálogo.

- Existe algunha zona da provincia que esté máis desprotexida que outra e na que sexa necesario prestarlle máis apoio?

- Toda a provincia de Lugo merece especial atención por parte do Goberno da Xunta. A discriminación positiva é un feito, nunca se ocultou, e ten por obxectivo equiparar o grao de desenvolvemento das provincias de Lugo e Ourense co das provincias atlánticas.

Lugo é a provincia con máis orzamento por habitante de toda Galicia. 3.522 euros por habitante fronte aos 2.721 euros por habitante na provincia de Pontevedra, por exemplo. Ourense tamén sae favorecida nos orzamentos da Xunta, con 3.322 euros por habitante, e A Coruña recibe 2.457. É un acto de xustiza coas provincias que precisan un empuxe maior.

Polo que respecta ao reequilibrio interior, como dixen, hai que apoiar



Visita co conselleiro de Sanidade ás obras de ampliación do Hospital da Costa



Visita ao Cruce do Santo para explicar accións de mellora da seguridade viaria

ao rural, que tamén precisa un maior empuxe respecto das cidades, aínda que sen desatender o progreso das zonas urbanas.

- Que panorama nos deixou a crise na provincia lucense? Podemos afirmar que este período de recesión xa pasou?

- Estamos mellorando os datos do PIB, de exportacións, de emprego, parámetros que dan a medida real do crecemento e que manifestan que deixamos atrás o período de recesión e estamos no camiño da recuperación económica.

Pero non nos permitimos triunfalismos con este tema. Mentres haxa traballadores en situación de desemprego e familias que o estean pasando mal haberá que seguir traballando sen baixar a garda.

Durante os anos da crise púxose especial acento no reforzamento dos servizos básicos. A maior parte do orzamento investíuse en sanidade, educación e servizos sociais. Agora esta-

mos no inicio dun período de expansión, que necesariamente debe traer prosperidade e emprego e repercutir no benestar dos galegos e as galegas.

- Galicia está en España, como afecta a situación actual a nosa comunidade e en singular a nosa provincia?

- Equivocábase quen pensara que non tería consecuencias un ano de bloqueio nas institucións centrais; moitos proxectos que dependían dos Ministerios sufriron demoras. Agora xa hai un goberno con plenas facultades e agardo que non se busque un novo bloqueio á hora de negociar os orzamentos, que atrasaría, por exemplo, os proxectos do AVE para Galicia.

Neste contexto ten máis mérito a estabilidade que representa o Goberno Feijóo e máis valor o voto de confianza que lle deron os galegos. Agora toca traballar sumando esforzos para que a recuperación chegue a todos os fogares.

“Se hemodinámica debe ter un horario máis amplo debe ser unha decisión técnica e non política”

“Esta lexislatura vai resultar clave por canto se vai redefinir gran parte do transporte público de Lugo”